



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SEIS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 16)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luís Raposo Magdalena

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e vinte minutos do día **vinde e seis de xuño de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández e a Sra. Deputada D^a Mónica Freire Rancaño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZANOVE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezanove de xuño de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE RELATIVO ÁS CONDICIÓNNS PARA O ESTABLECEMENTO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DUN ACORDO DE CUSTODIA DO TERRITORIO, NAS FINCAS PROPIEDAD DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, SITUADAS NAS INSUAS DO MIÑO E OLLOS DE BEGONTE.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do dito expediente, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV67RSKYFNPTV5G54QV4HZHBMA¹.

Condicións administrativas para o establecemento en concorrancia competitiva dun acordo de custodia do territorio, nas fincas propiedade da Excma. Deputación Provincial de Lugo, situadas nas insuas do Miño e ollos de Begonte IV67RWKPNQROT3PY4Y7EILXWME.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV67STXTNAN3ZPM6SAHHAJ7AAU.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV67ST2PMFP6RS7NUNIXAVPTKE.

O expediente foi sometido á preceptiva fiscalización.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, polo órgano de contratación, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o expediente para o establecemento en concorrencia competitiva dun acordo de custodia do territorio, nas fincas propiedade da Excm. Deputación Provincial de Lugo, situadas nas Insuas do Miño e Ollos de Begonte, cunha duración de 4 anos.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, así como o procedemento para a selección do asinante do acordo de custodia, que se instrumentará no correspondente convenio rematado o proceso de selección.

3º.- Dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto máximo segundo o orzamento que ascende a 25.000,00 euros anuais. O orzamento inclúe 4.338,84 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 20.661,16 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, o que fai un total de 100.00,00 €.

O gasto financíase con carto á aplicación 1724.22799 e de acordo as seguintes anualidades:

Anualidade 2020 : 25.000 €

Anualidade 2021 : 25.000 €

Anualidade 2022 : 25.000 €

Anualidade 2023 : 25.000 €

Segundo o informado, existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que corresponden do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 25000 €, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos sucesivos as cantidades indicadas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS PLAN ÚNICO 2019.

Proposta en relación co escrito do Alcalde do Concello de Foz solicitando unha modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos da Alcaldía do Concello de Foz, no que solicita unha modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose, na



base 18, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación, en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluído no referente ao concello de Foz, entre outros, os investimentos que se sinalan e se pretenden modificar.

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN INVESTIMENTO	APLICA. ORZ.	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FOZ	107	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALEMPARTE-VILAMOR (CANGAS)	1531.76201	0,00 €	52.733,89 €	52.733,89 €
FOZ	108	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN CABANAS-LAMALLADA (NOIS)	1531.76201	0,00 €	27.066,95 €	27.066,95 €
FOZ	109	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN BARGADO-LOUSADA (FAZOURO)	1531.76201	0,00 €	35.067,12 €	35.067,12 €
FOZ	110	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN APEADERO-CARPACIDE (NOIS)	1531.76201	0,00 €	41.827,05 €	41.827,05 €
FOZ	111	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN RIO DO CARMEN (VILARONTE)	1531.76201	11.412,60 €	87.289,16 €	98.701,76 €
FOZ	112	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN SANTA CILLA	1531.76201	0,00 €	23.693,12 €	23.693,12 €
TOTAL				11.412,60€	267.677,29€	279.089,89€

A Alcaldía do Concello de Foz solicita a través de escrito de data 17-06-2020, unha modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único, concretamente a agrupación nun so proxecto dos investimentos identificados cos nº 107-108-109-110-111 e 112, que quedaría incluído no Plan Único 2019 da maneira que se indica:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	APLICA. ORZ.	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FOZ	107	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALEMPARTE-VILAMOR (CANGAS), CABANAS-LAMALLADA E APEADERO-CARPACIDE (NOIS), BARGADO-LOUSADA (FAZOURO), RIO – O CARMEN (VILARONTE) E SANTA CILLA	1531.76201	11.412,60€	267.677,29€	279.089,89€

Coa solicitude arguméntanse sucintamente as modificacións interesadas, xa que foi licitado como unha soa obra, e achégase o proxecto único. O proxecto execútase no mesmo ámbito de actuación, unicamente se aglutinan nun so investimento os inicialmente solicitados como 6 distintos. O Concello é o órgano de contratación polo que no seu respecto a lexislación en materia de contratación parece mais axeitado ao ser da mesma finalidade.

As bases polas que se rexe o Plan Único 2019, establecen na base 7 “...cando as obras sexan similares, garden coherencia no conxunto de actuación previstas, se refiran a obras completas, no sentido de ser susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou servizo correspondente e coa mesma finalidade (pertenza ao mesmo grupo de gasto) poderán estar agrupadas nun único proxecto ...”

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que esta actuación, se fora proposta antes da aprobación do propio Plan, serían aceptada. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía e necesidades.

Tendo en conta a solicitude do concello, incorporada ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é Xunta de Goberno, como así se indica na base 19 das Bases Reguladoras do Plan Provincial Único 2019.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto de investimentos relativos ao Concello de Foz que se sinala, e que queda incluídos no Plan Único 2019 nestes termos.

A vista do anterior, esta Presidencia propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Foz, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto das actuacións indicadas, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 modificado nos investimentos do Concello de Foz, de xeito que as 6 actuacións indicadas se aglutinan nunha soa, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	APLICA. ORZ.	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FOZ	107	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALEMPARTE-VILAMOR (CANGAS), CABANAS-LAMALLADA E APEADERO-CARPACIDE (NOIS), BARGADO-LOUSADA (FAZOURO), RIO – O CARMEN (VILARONTE) E SANTA CILLA	1531.76201	11.412,60€	267.677,29€	279.089,89€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para ao seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar executados e xustificados nas datas establecidas nas bases do Plan Único.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES PLAN ÚNICO 2019.

Escrito do Concello de A Pastoriza, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito do Concello de A Pastoriza, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de A Pastoriza

O Concello de A Pastoriza presentou Anexo III de obra incluída no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
A PASTORIZA	226	CONSTRUCCION DE BLOQUES DE ASEO E VESTIARIOS E RENOVACIÓN DA REDE INTERIOR DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO CIRCUITO DE KARTING DE PASTORIZA	3410.76201	1.120,12€

Así mesmo, por escrito de data 18/06/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
A PASTORIZA	REM	EQUIPAMIENTO INTERIOR DO BLOQUE DE ASEOS E VESTIARIOS DO CIRCUITO DEPORTIVO DE KARTING DE A PASTORIZA	3410.76201	--	1.120,12€	1.120,12€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación do investimento identificado, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de A Pastoriza, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de A Pastoriza e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
A PASTORIZA	REM	EQUIPAMIENTO INTERIOR DO BLOQUE DE ASEOS E VESTIARIOS DO CIRCUITO DEPORTIVO DE KARTING DE A PASTORIZA	3410.76201	--	1.120,12€	1.120,12€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA LICITACIÓN DE OBRAS.

Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: Pantón.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 "Ferreira (N-120A)-Currelos (LU-611)"3+780 al 6+158.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

“Antecedentes

Expediente de contratación iniciado polo Servizo de Vías e Obras, a través do GTM.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: PANTÓN.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 "Ferreira (N-120A)-Currelos (LU-611)"3+780 al 6+158, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda, Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, con CSV: IV67XT2JJXXYTPE7444GMBCBMQ.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV67WIHDAFHTRLUTQNGSGBHEMY.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV67WIHMPFPJQWVVTY7YMMUDSO4.

Informe de existencia de crédito, con CSV: IV67XXIYDZN6UWJCUAES6ZTWMI.

Memoria Xustificativa con CSV: IV67XXB53Q666TVO2QEN77TDLY, que inclúe:

Xustificación da necesidade.



Xustificación da división ou non en lotes.

Indicación dos costes directos e indirectos e adecuación aos prezos de mercado.

Medios materiais e persoais mínimos a adscribir á execución da obra.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans-, da Deputación Provincial de Lugo, con CSV: IV67RSS33JJN7L456MMNGZRHKM.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 716/2019 de 05 de decembro de 2019, polo que se modifica o RD 773/2015.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas



Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra PANTÓN.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 "Ferreira (N-120A)-Currelos (LU-611)"3+780 al 6+158.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 3 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e o mesmo estímase correcto xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas, resultando todos os criterios suxeitos a fórmulas matemáticas e con apreciación automática.

O contrato non está suxeito a regulación harmonizada, dado o seu importe, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías, pola Orde HAC/1272/2019, de 16 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir del 1 de xaneiro de 2020.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente e mencionase no propio PCAP.



As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no indicado informe da intervención.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan tanto no proxecto técnico identificado na cabeceira e como na indicada memoria.

En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e son adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 09/06/2020, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, unicamente será preciso a ocupación dos terreos de dominio público correspondentes á vía provincial obxecto das obras.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a

emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011).

Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: PANTÓN.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 "Ferreira (N-120A)-Currelos (LU-611)"3+780 al 6+158, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 165.100,00 €, dos cales 28.653,72 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PRÓRROGA PARA O PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E PROTECCIÓN DE DATOS, INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Proposta en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Sarria, solicitando prórroga para o prazo de xustificación do programa de administración electrónica e protección de datos, incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Sarria no que solicitan prórroga para poder xustificar as actuacións incluídas no programa de Administración Electrónica e Protección de Datos (C8), incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

Nas devanditas bases (Base 21.5) estableceuse que “...cunha data límite establecida do 31 de marzo de 2020 ...”.

A Alcaldía do Concello indicado, solicita unha prórroga para xustificar o programa de Administración Electrónica e Protección de Datos (C8), polos motivos e prazos que se sinalan nos apartados seguintes:

Concello de Sarria:

O concello de Sarria incluíu ao abeiro do Plan Único 2019, entre outros, o seguinte:

CONCELLO	PROGRAMA/ACTUACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
SARRIA	SERVIZO TECNOLOXÍA XESTIONA: SUBSCRIBCIÓN E MANTEMENTO	0,00 €	14.338,86€	14.338,86€

A Alcaldía do Concello de Sarria, a través de escrito con rexistro de entrada de data 17/06/2020, solicita unha prórroga para poder levar a cabo a xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... dificultades de índole orzamentario...” ata o 30 de setembro de 2020.

Tendo en conta a solicitude da Alcaldía do Concello de Sarria, así como os motivos que aducen, incorporados ao expediente, e o informe favorable do Servizo de Comunicación e Tics. Servizo de Novas Tecnoloxías, área xestora do devandito programa, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, aplicando analoxicamente o establecido para os investimentos na base 21 das bases reguladoras do Plan Único 2019, “... excepcionalmente os concellos poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno”.

O artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, sinala “... la administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio, o a petición de los interesados, una ampliación de los prazos establecidos...”.

Doutra banda, o RD 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19, ordenou a suspensión do



cómputo de termos e interrupción de prazos, determinando o RD 537/2020, de 22 de maio “...con efectos dende o 01 de xuño de 2020 o cómputo dos prazos administrativos que foran suspendidos reanudarase ou reiniciarase ...”.

Debe ponderarse, para resolver a petición do Concello, a competencia e función da cooperación do ente provincial, cos concellos (art. 36 LBRL), así como os principios relacionados no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, a) servizo efectivo ao cidadán, b) boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da prórroga ao Concello de Sarria para a xustificación do programa de Administración Electrónica e Protección de Datos (C8), incluído no Plan Provincial Único 2019, establecendo como data límite de xustificación dos programas o 30 de setembro de 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Sarria e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a xustificación dos programa de Administración Electrónica e Protección de Datos (C8), ata o 30 de setembro de 2020.

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES DAS MEDIDAS 8.2.3.3, 8.2.3.4 E 8.2.4.2 DENTRO DO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor.

“Con data 13 de maio de 2019 ten entrada no rexistro da Deputación de Lugo as catro Resolucións da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se resolve a concesión directa de subvencións solicitadas o amparo da convocatoria do Real decreto 1234/2018, do 5 de outubro de 2018, polas que se concede as seguintes subvencións polo importe reflectido no cadro:

Denominación	Medida	Nº Expediente	Orzamento	Subvención
Tu empleo Social en el Rural	8.2.3.3	349-281338	19.869,30 €	18.257,90 €
Tu empleo en el Rural	8.2.3.4	349-281342	19.869,30 €	18.257,90 €
Gente joven en el rural	8.2.4.2	349-281343	176.580,00 €	162.259,36 €
Generate tu empleo en el rural	8.2.3.1	349-290455	78.825,48 €	72.432,73 €
TOTAL			295.144,08 €	271.207,89 €

Con data 24 de maio de 2019, apróbase en Xunta de Goberno a aceptación das subvención concedidas, detalladas no punto anterior.

Tendo en conta a excepcional situación provocada polo Covid 19 por operatividade administrativa decretouse a volta da competencias da Xunta de Goberno no Presidente (Decreto de 24 de marzo de 2020), polo que atendendo ao mesmo aprobase por decreto de Presidencia de 12 de maio de 2020 a aceptación da actualización das axudas o salario mínimo interprofesional para o ano 2020, na medida de fomento de emprego por conta allea 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural”, e nas medidas de fomento do emprego por conta propia medida 8.2.3.3 “Tu Empleo Social en el Rural” axudas ao autoemprego e da 8.2.3.4 “Tu Empleo en el Rural” axudas ao emprendemento colectivo no marco da economía social .

Para fomentar a participación principalmente dos mozos inscritos no ficheiro de garantía xuvenil, deseñouse un Plan de Marketing e de Comunicación onde recolle as catro medidas baixo a denominación de Programa Prende ! Bota raíces no rural.

Con data 3 de xuño comunícase por parte do Ministerio de Política Territorial a resolución das axudas de acordo a redistribución solicitada para a adaptación da axuda o SMI de 2020, respectando a taxa de cofinanciación do 91,89% do total do gasto a subvencionar. (Achegase resolución por cada unha das medidas).



O orzamento consta da seguinte distribución orzamentaria:

Denominación	Medida	Nº Expediente	Orzamento	Subvención	Modificación
Tu empleo Social en el Rural	8.2.3.3	349-281338	19.869,30 €	18.257,90 €	17.100€
Tu empleo en el Rural	8.2.3.4	349-281342	19.869,30 €	18.257,90 €	17.100€
Gente joven en el rural	8.2.4.2	349-281343	176.580,00 €	162.259,36 €	171.000€
TOTAL			295.144,08 €	271.207,89 €	205.2000 €

Tendo en conta o anterior, a distribución por anualidade será a seguinte:

Denominación: Tu empleo Social en el Rural (medida 8.2.3.3)

	Anualidades							
Orzamento	2019		2020		2021		Subvención	F. Propios
17.100€	Subv.	F.Propios	Subv.	F.Propios	Subv.	F.Propios		
	3.142,64€	277,36 €	7.856,59€	693,41 €	4.713,96€	416,04 €		
	3.420,00 €		8.550,00 €		5.130,00€		15.713,19€	1.386,81 €
Aplicación Orzamentaria	2410.470.55		2410.470					

Denominación : Tu empleo en el Rural (medida 8.2.3.4)

	Anualidades							
Orzamento	2019		2020		2021		Subvención	F. Propios
17.100€	Subv.	F. Propios	Subv.	F.Propios	Subv.	F. Propios		
	3.142,64 €	277,36 €	7.856,59 €	693,41 €	4.713,96 €	416,04 €		
	3.420,00 €		8.550,00 €		5.130,00€		15.713,19 €	1.386,81 €
Aplicación Orzamentaria	2410.470.55		2410.470					

Denominación : Gente joven en el rural (medida 8.2.4.2)

	Anualidades							
Orzamento	2019		2020		2021		Subvención	F. Propios
171.000,00 €	Subv.	F.Propios	Subv.	F.Propios	Subv.	F.Propios		
	31.426,38 €	2.773,62 €	78.565,95 €	6.934,05 €	47.139,57 €	4.160,43 €		
	34.200,00 €		85.500,00 €		51.300,00 €		157.131,90 €	13.868,10 €
Aplicación Orzamentaria	2410.470.55		2410.470					

Por todo elo, proponse a Xunta de Goberno:

1º.- A aceptación da subvención outorgada polo Ministerio de Política Territorial acorde a adaptación do SMI para o ano 2020.

2º.- Aprobación da convocatoria e bases que integran 3 Medidas:

Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural”, con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470 e 2410.470.55 por importe de 171.000 €.

Medida 8.2.3.3 “Tu Empleo Social en el Rural”, con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470 e 2410.470.55 por importe de 17.100 €.

Medida 8.2.3.4 “Tu Empleo en el Rural” , con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470 2410.470.55.por importe de e 17.100 €.

A Deputación adquire o compromiso supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2021 a cantidade de 4.992,51 € na aplicación orzamentaria 2410.470 .

Aprobación dos modelos de solicitude e xustificación da convocatoria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA A DEPUTACIÓN DE LUGO, A TRAVÉS DO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:



“Visto o informe da Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía, conformado polo Xefe do Servizo de contratación e fomento, de data 23-06-2020, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes

Na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019, esta Deputación Provincial adoptou entre outros acordos, adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita Central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou en beneficio dos seus asociados o Acordo Marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión con varios adxudicatarios e distribuído por lotes xeográficos, en base a uns Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCA) e uns Pregos de Prescricións Técnicas (PPT). Dito Acordo Marco adxudicouse para os Lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 a Iberdrola Clientes, S.A.U, Endesa Enerxía, S.A.U. e Gas Natural Comercializadora, S.A. con data de 21 de maio de 2019, formalizándose o Acordo Marco o 17 de xuño de 2019.

En dita licitación, a FEMP tivo en conta todos os requisitos e procedementos esixibles á contratación das Administracións Públicas.

Tal e como se indica na cláusula 6 prazo de duración do contrato baseado do PCA do Acordo Marco:

“El plazo de duración del Acuerdo marco será de dos (2) años desde la fecha que se establezca en el documento de formalización y que será siempre posterior al 14 de febrero de 2019. El Acuerdo marco podrá ser objeto de prórrogas anuales (12 meses, cada una) sucesivas, por mutuo acuerdo, antes de la finalización del mismo. No obstante, la duración de la última prórroga anual podrá ser reducida por acuerdo entre ambas partes hasta un máximo de 6 meses.

La duración total del Acuerdo marco, incluidas las prórrogas, no podrá exceder de 48 meses (4 años), de conformidad con lo dispuesto en el artículo 219.2 de la LCSP”.

Ademais nesa mesma cláusula 6 do PCA tamén se indica:

“El plazo de vigencia del Acuerdo marco delimita el plazo en el que podrán adjudicarse los Contratos basados en el mismo. No obstante, la duración de los Contratos basados podrá exceder la del Acuerdo Marco, con las limitaciones previstas en este PCA.

Sólo podrán adjudicarse Contratos basados en un Acuerdo marco durante la vigencia de este último. La fecha relevante para entender que se ha cumplido este requisito será la del envío del Documento de Invitación por parte de la Entidad Local, o si solamente resultase un adjudicatario de cada Lote, será directamente la de adjudicación del Contrato basado.”

Por outra banda, na cláusula 21 contratos baseados no acordo marco, punto 2, Inicio e Duración dos Contratos baseados do Prego de Cláusulas Administrativas do Acordo Marco, se indica: “Los Contratos basados podrán adjudicarse durante la vigencia del presente Acuerdo marco, incluidas las prórrogas de éste.

La duración ordinaria de los Contratos basados será de un año, tal y como dispone la normativa sectorial de aplicación, pudiendo celebrarse prórrogas por periodos de un año, hasta un máximo de cinco años.”

O sinalado na cláusula 21.2 do Prego de Cláusulas Administrativas do Acordo Marco é conforme co establecido ao respecto no artigo 219.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, onde se dispón que “La duración de los contratos basados en un acuerdo marco será independiente de la duración del acuerdo marco, y se regirá por lo previsto en el artículo 29 de la presente Ley, relativo al plazo de duración de los contratos y de ejecución de la prestación, así como por los pliegos reguladores del acuerdo marco”. Pola súa banda o artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público establece que “Los contratos de



suministros y de servicios de prestación sucesiva tendrán un plazo máximo de duración de cinco años, incluyendo las posibles prórrogas”.

Actualmente a Deputación de Lugo conta cun contrato para a subministración da enerxía eléctrica, o cal remata o día 26 de xullo de 2020. Por tal motivo, e co fin de que na data de finalización dese contrato a Deputación poida seguir recibindo á subministración de enerxía eléctrica, é preciso iniciar un novo proceso de licitación. Ante dita necesidade, a Deputación de Lugo ao estar adherida á Central de Contratación da FEMP, pode contratar esta subministración eléctrica a través do Acordo Marco que a FEMP ofrece aos seus asociados.

Á vista da instrución recibida por parte do Presidente (P.D. Decreto de data 26-07-2019 O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social Pablo Rivera Capón) na cal se lle encomendaba ao persoal da Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía realizar os trámites precisos para levar a cabo esta contratación, e da información remitida polo Servizo de Contratación e Fomento con datos dos contratos de electricidade , dende a Axencia da Enerxía procedeuse a iniciación dos trámites pertinentes para poder levar a cabo esta contratación, a cal se fará a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión.

Con data 08 de xuño de 2020 a Presidencia da Deputación de Lugo adoptou a seguinte resolución:

“Ordenar que a tramitación da contratación da Subministración de Enerxía Eléctrica nas Dependencias da Deputación de Lugo se realice a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión.

A estes efectos, a tramitación, a adxudicación e a execución deste Contrato Baseado se rexerán polos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas Particulares reitores do Acordo Marco e pola normativa aplicable a este tipo de contratos.

Facultar á Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía, para realizar a través da plataforma habilitada pola FEMP todos os trámites precisos para proceder á contratación de referencia.

En relación a esta cuestión, corresponderalle á dita Sección, entre outros trámites, cursar as invitacións solicitando ofertas para o Contrato Baseado de acordo cos modelos aprobados pola FEMP, así como como a apertura das mesmas, podendo estar asistido na mencionada apertura por persoal do Servizo de Contratación e Fomento. Tal e como se indica na cláusula 21.1 do PCA: Procedemento para a tramitación dos Contratos Baseados, a invitación será remitida a tódolos adxudicatarios do Acordo Marco, que neste caso son: Iberdrola Clientes, S.A.U.; Endesa Energía, S.A.U.; Gas Natural Comercializadora, S.A. (GNCOM).

Encomendar á Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía as tarefas relativas á execución e seguimento do contrato baseado. En ningún caso, esta encomenda incluírá, as tarefas relativas ao mantemento e xestión das instalacións, sendo responsable das mesmas o Servizo da Deputación de Lugo que as estea asumindo actualmente. Nomear como responsable do presente contrato a D. Antonio Álvarez Cabana, Enxeñeiro Industrial Superior Coordinador da Axencia Provincial da Enerxía”.

Con data 12 de xuño de 2020, conforme ao establecido na cláusula 21 contratos baseados no acordo marco do PCA, dende a Deputación de Lugo procedeuse ao envío das invitacións ás tres empresas adxudicatarias do Acordo Marco: Iberdrola Clientes, S.A.U.; Endesa Energía, S.A.U.; Gas Natural Comercializadora, S.A., a través da plataforma da FEMP, sendo o prazo de presentación de ofertas de 10 días naturais a contar dende o seguinte ao envío do Documento de Invitación a través da plataforma da FEMP. Motívase nese mesmo documento de Invitación esta redución sobre o prazo recomendado pola FEMP, que é de 15 días naturais, debido á urxencia na tramitación deste procedemento pola pronta terminación do actual contrato de subministración eléctrica da Deputación de Lugo. En relación a esta cuestión, o artigo 221.5 e 221.6 letra b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, sinala que naqueles casos nos que para a adxudicación dun contrato baseado nun acordo marco procedera unha nova licitación, como é este o caso, “concederáse un prazo suficiente para presentar as ofertas relativas a cada contrato baseado,



tendo en conta factores tales como a complexidade do obxecto do contrato, a pluralidade ou non de criterios de valoración, así como a súa complexidade, e o tempo necesario para o envío da oferta”. Considerando os factores sinalados; realizada a oportuna consulta a FEMP e na que non manifestan obxección ao prazo de 10 días naturais para a presentación de ofertas que figura nos documentos de invitación, queda xustificada a redución de prazo anteriormente sinalada.

A data límite para presentar ofertas rematou o 22 de xuño de 2020 ás 23:59h. As tres empresas presentaron as súas ofertas dentro do prazo establecido. A apertura das ofertas foi realizada con data 23 de xuño de 2020 a través da plataforma habilitada ao efecto pola FEMP.

Con data 19/06/2020 Iberdrola Clientes, S.A.U. presentou oferta en prazo a través da plataforma da FEMP, a cal se axustaba ao indicado nos seguintes documentos: pregos do Acordo Marco; oferta presentada no Acordo Marco; documento de formalización do Acordo Marco e o documento de invitación para participar no contrato baseado, respectando polo tanto, o prezo máximo de referencia da empresa no momento de envío do documento da invitación.

Con data 19/06/2020 Gas Natural Comercializadora, S.A. presentou en prazo oferta a través da plataforma da FEMP, a cal se axustaba ao indicado nos seguintes documentos: pregos do Acordo Marco; oferta presentada no Acordo Marco; documento de formalización do Acordo Marco e o documento de invitación para participar no contrato baseado, respectando polo tanto, o prezo máximo de referencia da empresa no momento de envío do documento da invitación.

